A FRAUTA MÁXICA NO MAXIN

Guión orixinal para monicreques e quinteto de vento a partires da Frauta Máxica de Mozart.

Autor: Marcelino de Santiago
Música: Zoar Ensemble
2014

OBERTURA			
A dereita os músicos, no centro o teatro de pasarela e á esquerda unha mesa cunha cadeira e un baúl.			
Entran os músicos pola esquerda e atravesan a escena, sentan a dereita do espectador e comezan a afinar. *Logo entra Amadeus indo dun lado para outro da escena, senta nunha mesa chea de papeis situada a esquerda do espectador e comeza a enredar cos papeis pautados, vai escribindo algo, mais como non lle convence, todo o que escribe vai parar a papeleira* *Non lle sae ren!...* *Entra pola dereita da escena Enmanuel Schikaneder que despois de chamar apoiase na porta imaxinaria.* *Cando Amadeus abre a porta entra dun brinco.* *Saúdanse efusivamente*	**Enmanuel.-** **Amadeus.-** **Enmanuel.-** **Amadeus.-** **Enmanuel.-** **Amadeus.-**	Querido Wolfang Querido Johann Querido Wolfang Amadeus Querido Johann Joseph Querido Wolfang Amadeus Mozart Querido Johann Josep Schikaneder, ...Mais coñecido como Enmanuel Schikaneder,	**Afinacións e sons acompañando as accións dos actores**
Enmanuel explícalle a Amadeus que lle trae un libreto para que compoña a música, falan pero moi rápido e non se lles entende moi ben... *Enmanuel sinala coa man no libreto, niso Amadeus pecha o libreto e bota a andar levando a Enmanuel tras de si coa man enganchada.* *Amadeus abre o libreto e Enmanuel queixase da súa man dorida.*			

Vanse despedir e crúzanse as mans sen chegar a tocarse varias veces ata que Amadeus a deixa en alto e Enmanuel da un brinco e choca a súa man coa de Amadeus e marcha. *Amadeus coloca o libreto enriba da mesa.* *No seu fastío volta a coller o libreto, enreda con el, o mira, o le, o pecha, o le, volta e dálle ata que entralle o formigo e comeza a lelo con certo interese. Ó tempo colle unha partitura e comeza a escribir ...* *Colle o teclado en rolo, pero non soa, gárdao no baúl.* *Segue a escribir....Niso ten unha idea e vai a polo piano pequeno e enreda nel. Toca de maneira ridícula e estirase detrás do piano que ten rodas e movese. O piano é de xoguete e non lle serve...déixao na zona dereita da escena. Ve ós músicos....Ten unha idea!* *Vai cara o teatriño, mira e o virar* **baixa a montaña da esquerda (Kukas),** *vai cara ela, mira para os músicos por se foron eles e niso* **baixa a montaña da dereita (Fili),** *volve a mirar ós músicos e tropeza coa pedra que está no chan, cóllea e colócaa nunha beira da escena, vai cara a mesa, enreda, mira, cambia a pedra de sitio e co remate da obertura a coloca por fin no medio esq. da escena*	**Amadeus.-**	Claro, como non o pensei antes! A Frauta Máxica necesita instrumentos de vento...é lóxico. Vou necesitar...unha trompa, acompañada do doce e grave fagot, seguido da cálida melodía dun clarinete, logo unhas florituras do óboe e por último o alegre son da frauta. Obertura	**Vai nomeando a cada un dos instrumentos o cal tocará uns compases da obertura e así os cinco instrumentos para a continuación comezar a tocar a:** **<u>No. 0: Oberture</u>** **Obertura** **(2´50'')**

ACTO PRIMEIRO			
Escena 1 **Lugar cheo de penedos**			
Deixa colocada a pedra no centro e fala movéndose polo centro da escena para rematar sentado na súa cadeira. *Amadeus le o libreto e levantase, sube á cadeira convertida en escaleira.*	**Amadeus.-**	Certo que si!... así e moito mellor!... Primeiro acto...Escena primeira...Lugar cheo de penedos O Príncipe Tamino fuxe dunha grande serpe co quere engulir.... remexese, abafado berra: auxilio, socorro, que morro! Sen alento, desmaiase de súpeto... e cando a serpe vaino papar aparecen as Damas que están o servizo da Raíña da Noite e loitan coa serpe e cunhas lanzas enormes rematan co bicho infernal... Logo entra en escena Papageno, o paxareiro da Raíña da Noite, ve a serpe e o decatarse que está morta ponse enriba dela en sinal de vitoria. Tamino acorda e olla para Papageno que enchido de si non deixa de se gabar das súas supostas fazañas. Tamino cre que foi o paxareiro quen lle salvou a vida, cousa que Papageno non nega, todo o contrario, cada vez gabase máis ...	

Entra Tamino ***(Fili)*** **pola dereita correndo, para de cando en vez e xira a cabeza para atrás, sube enriba do penedo...Entra a serpe** ***(Borxa)*** **pola dereita, Cando ve a serpe da un chouto para atrás e prepara o seu arco...A serpe achegase...Non ten frechas...De súpeto desmaiase apoiado na pedra. A serpe dispone a papalo pero entran 2 damas da Noite** ***(Fili esq, Kukas dta),*** **cada unha por una lado e cunhas grandes lanzas atacan á serpe con movemento amplos, a brincos grandes de abaixo a arriba e viceversa, a serpe revolvese e xira sobre si mesma. Matan a serpe que cae coa cabeza para a dereita e o corpo estirado enriba da pedra. As damas desaparecen por onde viñeron.** **Entra un paxaro** ***(Fili)*** **voando pola dta. detrás ven Papageno** ***(Borxa)*** **dando grandes brincos, sube enriba do penedo tentando cazar ó paxaro que marcha voando pola esq. Papageno entón ve a serpe, baixa do penedo e achegase á cachola desta, dálle unha patadiña e ve que está morta, niso da brincos enriba dela. Ó tempo Tamino** ***(Fili)*** **acordou e pensa que foi Papageno quen matou á serpe, faille unha reverencia, Papageno saúda come se fose un artista...**		**FUME**	**No. 1: Zu Hülfe!** **Socorro!** **1´13''** **+** **No. 2: Der Vogelfänger bin ich ja** **Eu son o paxareiro** **59''**
Amadeus vai cara o centro da escena e fala, amosa o candeado ó público e logo vai cara ó teatriño e pendúrao do pico de Papageno. **2 damas da Noite** ***(Fili esq, Kukas dta)*****e rifan a Papageno** ***(Borxa)*****, achegándose e separándose del movéndose polo ar e Papageno vaise pola esq. coa cachola gacha. Logo as Damas collen a serpe e saen con ela pola dta** ***1º Kukas-dama e cabeza serpe, 2º Fili-cola serpe dama. Kukas baixa a serpe para abaixo do teatriño.***	**Amadeus.-**	Ante tantas mentiras as Damas péchanlle a Papageno os beizos cun candeado para que deixe de dicir boubas.	**No. 4: Hm Hm** **42''**

Amadeus vai cara o centro da escena **As damas da noite *(Borxa)* entran pola dta. Tamino senta na roca . Desaparecen por arriba as montañas *(Fili e Borxa)* e logo descende o retrato de Pamina *(Kukas)* polo centro, Tamino *(Fili)* levita tentando alcanzar o retrato, o retrato movese e Tamino *(Fili)* vai tras del ata desaparecer pola dta.**	**Amadeus.-**	Logo danlle a Tamino un retrato de Pamina a filla da Raíña da Noite que fica presa no palacio de Sarastro. Ao fitar o retrato Tamino de súpeto fica namorado, namorado non, namoradísimo...	**No. 3: Dies Bildniss ist bezaubernd schön** MENOS MÚSICA **1'18''**
Amadeus vai cara o centro, fala *E logo vai á mesa a escribir unha anotación,* **Cae o fondo de estrelas *(Fili e Borxa)* e ó tempo baixa polo centro a Raíña da Noite *(Kukas)* Entra Tamino *(Fili)* pola dta e asustase.** **Entra polo lado esq. Papageno *(Borxa).*** **A Raíña fálalle e fai un xesto e aparece a frauta máxica.** *Amadeus amosa a frauta ó público e se lla coloca a Tamino que toca,* **A Raíña fala e fai un xesto e aparece o carillón.** *Amadeus amosa o carillón e colócao a Papageno.* **Vanse Papageno e Tamino cada un polo seu lado.** **A Raíña e o fondo desaparecen por arriba**	**Amadeus.-** **3,4 FLASH** **Amadeus.-**	Xa é noite pecha, de súpeto: tronos, lóstregos ... Aquí necesitamos efectos especiais... **FUME** E un fume inmenso do que sae a Raíña da Noite en persoa nin mais nin menos. A Raíña dille a Tamino que si quere casar coa súa filla, tena que liberar de Sarastro que a ten presa. "Pero non teñas medo Papageno irá contigo" A Raíña dálle ó Príncipe unha frauta máxica e a Papageno un carillón tamén máxico que lles axudaran na súa aventura... **3,4,5,7 FLASH FUME**	**Tronos e efectos de lóstregos** **Sona a frauta** **Sona o carillón** **Tronos e lóstregos**

Amadeus le no libreto **Baixan a fiestra dta (Fili),** *ó tempo que Amadeus coloca o balcón esq.* **e a fiestra esquerda (Borxa***) ó tempo que coloca o balcón dto***. A fiestra esq. queda pegada ó fondo e a da dereita un pouco adiantada.** **A***madeus quita a pedra e busca nos petos da chaqueta e lembra que no baúl hai unha cama que coloca no centro.*	**Amadeus.-**	Escena segunda. Cuarto no pazo de Sarastro... Hai que cambia-lo decorado.	**No. 5: Drei Knaben, jung und schön** **25''**
Escena 2 **Cuarto no pazo de Sarastro**			
Amadeus fala no centro da escena *e vai ler ó libreto.* **Aparece Pamina (*Kukas)* correndo pola esq., salta enriba da cama, mira para atrás e ó ver ó moro agochase detrás da cama.** **Entra Monóstatos *(Borxa)* detrás dela pola esq. dando brincos, salta enriba da cama, baixa e mira debaixo da cama...logo dun chimpo vai á venta esq. e cando mira por ela, Pamina escapa ó balcón da dta. Ó mesmo tempo asoma pola venta dereita Papageno *(Borxa)* Xusto cando entra Papageno, Monóstatos ve a Pamina e vai collela e asústanse o un do outro. Papageno rífalle. Monóstatos escapa pola esquerda.**	**Amadeus.-**	Escena segunda...Cuarto no Pazo de Sarastro...Pamina esta presa no pazo de Sarastro custodiada por Monóstatos que esta a facerlle as beiras ... vamos que está intentado ligar con ela. Niso que entra Papageno... Ai, a que se vai liar! mi madriña!	**No. 6: Hu! Das ist der Teufel sicherlich** **53''**

Amadeus vai cara o centro, fala **Papageno achegase a Pamina...Fálalle e marcha. Pamina senta na cama. Niso soben as fiestras e baixa o retrato de Tamino. Pamina fica namorada e levita detrás do retrato e marchan pola dta.**	**Amadeus.-**	Papageno fálalle a Pamina de Tamino e do seu plan para rescatala do seu cativerio. E amósalle un retrato do príncipe. Pamina ó mirar o retrato de Tamino fica de súpeto namorada, que digo, namorada, non, namoradísima.	**No. 7: Bei Männern, welche Liebe fühlen** **1'** MENOS MÚSICA
Escena 3 **Palmeiras e 3 templos: Natureza, Sabedoría, Razón**			
Amadeus retira a cama e os balcóns e coloca as palmeiras grandes de diante. **Entra Tamino** ***(Fili)*** **pola dta. tocando a frauta. Os templos entran con Tamino** **Aparecen o neno do columpio e colócase entre os templos da Sabedoría e Razón e outro neno xunto á palmeira. O Sacerdote Vello** ***(Kukas)*** **aparece pola esq. e fala con Tamino. Marcha o sacerdote. Tamino ponse a tocar a frauta. Os nenos brincan e saen todos bailando.** *Os músicos e Amadeus con gorros de animais vanse achegando ó teatriño e marchan ó seu sitio ó tempo que as marionetas saen de escena.*	**Amadeus.-**	Escena terceira. Bosque de Palmeiras con templos. Tamino asemella perdido, uns pícaros trouxérono diante do Templo da Sabedoría, mais un Sacerdote non lle permite a entrada e quere convencelo de que Sarastro no é tan ruín como di a Raíña da Noite: "Sarastro é home máis sabido que hai no mundo mundial" .	**No. 8: Wie stark ist nicht dein Zauberton** **1'37''**

Amadeus deixando o seu gorro, suspira mentres fala, vai mirar ó libreto... **Pamina *(Kukas)* quedou detrás da Palmeira da esquerda. Entra pola dta. Sarastro *(Borxa)* subido no carro tirado por un león, detrás del entran os sacerdotes *(Fili)*** **Pamina ó velo adiantase un pouco e faille unha reverencia. Falan. Logo Pamina sube no carro e vaise con Sarastro e marchan pola esquerda. Os sacerdotes mentres vitorean a Sarastro e van saíndo e o mesmo tempo saen os templos.**	**Amadeus.-**	Ai, xa dicía eu que a música amansa ás feras...¿Por onde imos?...a ver que di o libreto Cha Channnn! Aquí estaría ben un toque de trompa. Entra Sarastro. Pamina queixase do comportamento de Monóstatos e fálalle do seu amor por Tamino. Sarastro compréndea pero aínda non a pode deixar marchar...	**toque de trompa** **No. 9: Könnte jeder brave Mann 48''** **No. 10: Es lebe Sarastro** **66''**
FIN ACTO PRIMEIRO			
Amadeus vai cara o centro	**Amadeus.-**	Fin do acto primeiro. Recapitulemos: Pamina a filla da Raíña da Noite está presa no Pazo de Sarastro, a Raíña pídelle ó Príncipe Tamino que a libere se quere casar con ela. O príncipe Tamino coa axuda de Papageno o paxareiro da raíña da Noite vai en busca de Pamina. ¿Que sucederá? ¿o conseguirá?	

SEGUNDO ACTO			
Escena 1 **Bosque de Palmeiras**			
Amadeus coloca as palmeiras de atrás **Entran o sacerdote vello** ***(Kukas)*** **e os sacerdotes marróns pola esq.** ***(Fili)*** **e pola dta. e por último Sarastro, falan e marchan Sarastro** ***(Borxa)*** **e os sacerdotes.** **Entra a lúa pola esquerda e vai movéndose lentamente ata quedar entre a segunda e terceira palmeira.** **O sacerdote fala con Tamino e Papageno. Marchan coa música.**	**Amadeus.-**	Segundo acto. Escena primeira. Bosque de palmeiras. Sarastro convoca a asemblea dos sacerdotes: só despois de varias e moi difíciles probas Tamino poderá ser admitido no Templo da Sabedoría e casarse con Pamina... Os sacerdotes fálanlle a Tamino e Papageno das probas que han de superar...1ªproba: Non poderán falar con ningunha muller...	**No. 10b: Marsch der Priester** **2´50´´**
Escena 3 **Xardín**			
Amadeus le no libreto *Quita as Palmeiras e coloca os arbustos laterais* *Vai buscar e colocar o xardín e 1º ábreo diante do público* *2º colócao do revés, tenta amañalo e 3º colocase el entre o decorado e o teatriño e por último colócao ben.*	**Amadeus.-**	Escena terceira. Un xardín Un xardín Un xardín	

Amadeus fala **Pamina durme á esq. e ronca, cando ronca levita *(Kukas e Fili con gancho)* Entra Monóstatos *(Borxa)* pola dta. Ve a Pamina durmindo e tenta darlle un bico, pero non o consigue. Cando ela sube, el está abaixo e ó revés.**	**Amadeus.-**	Monóstatos faille as beiras a Pamina, aínda que esta durme como unha marmota e non se enteira de nada	**No 11b Alles fühlt der Liebe Freuden** **49''**
Sona un trono e Pamina e Monóstatos vanse para detrás das patas negras . *Amadeus tomba o xardín* **Baixa a Raíña da Noite *(Kukas)* polo centro e ó mesmo tempo baixa o ceo estrelado *(Fili e Borxa).* Aparece Pamina *(Fili)* pola esq. e a Raíña fálalle e dálle unha daga *(Borxa),* Pamina rexéitaa e lánzalla á raíña, esta volve a darlle a daga e marcha** **Pamina lanza de novo a daga que cae diante de Monóstatos, este achegase a Pamina, pero ela rexéitao. Entón Monóstatos colle carreira para atrás e como a cámara lenta avanzan os dous, Pamina coa perna levantada e Monóstatos detrás coa daga en alto e queda a imaxe como conxelada**	**Amadeus.-**	**FUME** Fume, moito fume, (tuse) fume de máis A Raíña da Noite dálle a súa filla Pamina unha daga para que mate a Sarastro... Monóstatos quere axudar a Pamina a matar a Sarastro, pero Pamina non lle fai caso, entón Monóstatos moqueado trata de matar a moza. **3,4 FLASH** **FUME**	**Trono** **No. 12: Der Hölle Rache** **2'55'**
Amadeus intervén	**Amadeus.-**	Qué emocionante se está poñendo a cousa! ¿Matará Monóstatos a Pamina? ¿Matará Pamina a Sarastro?	

Escena 4			
Amadeus fala **Entra Tamino pola esq. tocando a frauta e atravesa a escena ...Ós poucos entra Pamina pola esq. de costas e como buscando de onde ven o son. Ve a Tamino e achegase para falar con el, ó vela Tamino vaise para o outro lado (esq) ...Pamina volve a achegarse a Tamino, pero este ó vela volve a escapar dela(dta), de novo Pamina vai a falar con el, pero Tamino marcha pola esq...Pamina queda soa na dta da escena.** **Pamina toda triste avanza coa cara mirando ó chan.** *Amadeus senta na beira esq. ela achegase un pouco, el levántalle a cara e cóllea da man e lévaa ata a saída pola esq.*	**Amadeus.-** **Amadeus.-**	Tamino toca a frauta e Pamina ameigada pola engaiolante melodía entra en escena. Ela quere falar con el, pero el non pode porque aínda está baixo xuramento de silencio. Ela insiste, pero el non pode, ela insiste, pero el non pode, ela insiste, pero el non pode... Pamina non entende a súa teima... quizais non estea namorado dela?..	**Sona a melodía do nr.8 unicamente na frauta (16cc.) 1´17´´** **+ MENOS MÚSICA** **No. 14: Ach, ich fühl's 53''**
Escena 5 e 6			
Amadeus cruzase con Papageno e as portas. **Entra Papageno pola dereita buscando, a porta da esquerda córtalle o paso, xirase e vai a marchar por onde entrou pero a porta da dta. tamén lle corta o paso. As portas acurrálano no centro. Quedan as portas colocadas no centro e entre elas está Papageno chorando.**	**Amadeus.-**	Entra Papageno buscando a Tamino, vai cara a porta pola que saíu Tamino pero unha voz berra...Atrás!. Papageno vai cara a porta por onde entrou pero volve a escoitar... Atrás!... Papageno está moi triste, chora, niso achegase un sacerdote e concédelle un desexo...E Papageno pídelle... unha noiva!	

Entra un sacerdote pola esquerda e fala con el. Papageno xirase e tapa os ollos. Entra unha velliña, Papageno míraa e xirase cara o sacerdote para protestar, este empúrrao cara ela. Papageno acepta e niso a vella transformase nunha moza Papagena e marcha bailando pola dta. e o sacerdote pola esquerda. Fili baixa o carro			**No. 15: Ein Mädchen oder Weibchen** **1´01"**
Escena 7 **Xardín**			
Amadeus volve a levantar o xardín **Suben a porta esq. (Borxa) e a porta dta. (Fili)** **Entra Pamina pola esquerda desesperada e quere cravarse unha daga no corazón. Niso entran os cativos por todas partes e un deles tíralle a daga, outro baixa en columpio e outro leva a foto de Tamino. Marchan todos contentos por onde viñeron.**	**Amadeus.-**	Pamina créndose rexeitada, quere morrer. Desesperada quere cravarse unha daga .Os pícaros impídenllo e asegúranlle que Tamino está namorado dela, que digo namorado, namoradísimo e lévana xunto a el como proba.	**No. 16: Bald prangt** **1´03"**
Escena 8 **Montañas con fervenza e volcán**			
Amadeus le no libreto. *Amadeus quita o xardín* *e os floreiros.* **Suben a porta esq. e a porta dta.** **1º Aparece a montaña do volcán a dta.** *Amadeus da un brinco* **2º Aparece a montaña da fervenza a esq.** *Amadeus da outro brinco*	**Amadeus.-**	Escena oitava... Montañas con fervenza e volcán... Escena oitava	

Amadeus fala **Entran pola dta. un soldado, Tamino e outro soldado. Falan con Tamino e cada soldado vai para unha beira do escenario.** **Entra Pamina e vanse achegando os dous ós poucos.** **Tamino e Pamina soben primeiro a montaña do volcán e logo a montaña da fervenza**	**Amadeus.-**	Dous soldados acompañan a Tamino. Terá que enfrontarse as dúas últimas e difíciles probas cheas de perigos. Niso aparece Pamina...Tamino!...¿qué escoito, é a voz de Pamina... Pamina... Tamino... Pamina...Tamino... Vamos que por fin xa poden falar entre eles. Mentres Tamino toca a frauta máxica que lles axudara a superar as difíciles probas os xoves amantes atravesarán as lapas ardentes da montaña de lume e as fortes correntes de auga da montaña das Fervenzas.	**No. 17: Der, welcher wandert** **1´57"** + **No. 18: Feuer-Wasser-Probe und Triumph, triumph** **1'26''**
Escena 9 **Roca e árbore con forca**			
As montañas desaparecen por arriba (Borxa e Fili) *Amadeus coloca a roca e unha árbore da que pendura unha forca* **Entra Papageno triste, senta na roca choroso, niso ve a corda, erguese e mete o pico por ela, rodea a árbore e a corda soltase, sobe á roca e vai coller de novo a corda cando aparecen os pícaros e un deles impídelle suicidarse. Un dos cativos entra con Papagena e bailan todos contentos.**	**Amadeus.-**	Mentres Papageno pensando que Papagena xa non o quere e fuxiu del, desesperado intenta suicidarse. Niso aparecen os cativos con Papagena impedindo que o paxareiro cometa tal disparate.	• **Papagena, Papagena** **1'50´´** **+** • **No. 19: Papageno, Papagena** **1'**

Escena 10 Templo do Sol			
Amadeus retira a roca. **Entra a Raíña da Noite (Kukas) buscando a entrada ó templo do sol. Niso pola dereita córtalle o paso Sarastro (Borxa e Fili) subido enriba do carro cun león... A raíña da Noite desaparece tragada pola terra. Ó tempo levantase o pano negro e aparece o templo do Sol. Sarastro avanza e queda no centro esquerda. Logo entran:** **1º sacerdotes marróns (Fili e Borxa) a esquerda e sacerdote vello (Kukas) pola dereita.** **2º Damas da noite á dereita, (Kukas e logo Fili) Coloca Borxa** **3ª Monóstatos pola esquerda** **4º Papageno e Papagena pola dereita** **5º Nenos arriba pola esquerda** **6º Pamina e Tamino polo centro e arriba (Kukas e Fili)** **ILUMINASE TODA A VIDRIEIRA**	**Amadeus.-** **3,4 FLASH**	Xa queda pouco para o final. A Raíña da noite intenta entrar no templo, Pero, Sarastro impídelle a entrada. De súpeto entre lóstregos e tronos desaparece para sempre... Nunha gran cerimonia Sarastro dálles a benvida a Tamino e Pamina, que coa axuda do amor e amizade conseguiron superar as difíciles probas que atoparon no seu camiño cara a Sabedoría. **8----------FULL** **8, 9,10----------FULL** **6,7,8,9,10----------FULL**	**FUME** • **No. 20: Finale: Heil sei euch Geweihten und Es siegte die Stärke** **5’**
OS MÚSICOS E AMADEUS ACHÉGANSE A BOCA DO TEATRIÑO, FAN DE COMPAÑA NA CERIMONIA E ASÍ PREPÁRANSE PARA O SAÚDO FINAL			